

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 14 de marzo de 2024, e tras a solicitude realizada pola Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo a instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

NINTEDANIB

no tratamento da enfermidade pulmonar intersticial (EPI) fibrosante crónica progresiva, segundo os seguintes criterios:

1. Criterios de inicio tratamento:

- O diagnóstico da fibrose pulmonar progresiva (FPP) deberá ser confirmada por un especialista en EPI.
- O inicio de tratamento con nintedanib poderá considerarse en pacientes onde a fibrose pulmonar haxa progresado a pesar da terapia base, e presente a lo menos dous dos tres seguintes criterios:

1. Empeoramento dos síntomas respiratorios.
2. Descenso absoluto da CVF $\geq 5\%$ e/ou descenso absoluto da DLCO $\geq 10\%$.
3. *Evidencia radiolóxica de progresión da enfermidade.*

2. Criterios de continuación:

A continuidade co tratamento con nintedanib estará condicionado polo grao de estabilización da enfermidade.

O médico especialista deberá valorar a retirada de nintedanib cando se produza unha progresión grave da enfermidade a pesar do tratamento, definida esta por unha perda da CVF $\geq 10\%$ ao longo dun período de 12 meses de tratamento.

Deberanse realizar avaliacións periódicas da función pulmonar do pacientes entre cada 3 e 6 meses.

Santiago de Compostela, (data e sinatura dixital)

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde